

# FESTICLOWN

VILAGARCÍA 2016

do 12 ao 17 de agosto

16  
AGOSTO

**LEO BASSI**

**PEPE VIYUELA**

14  
AGOSTO

**DJUGGLEDY • ROJO TELÓN CIRCO • MUSICOLOCO**  
**KANBAHIOTA • JAVI JAVICHY • PABLO SUPERSTAR**  
**GHAZAFELHOS • TRÍO REFUGALLO**

**GALA SOLIDARIA**  
**DE PALLASOS EN REBELDÍA**  
**COAS PERSOAS REFUXIADAS**

**SÁBADO 13 • 21.30H**

**SALÓN GARCÍA • 5€**

**PRAZAS LIMITADAS!**

**FORMA  
CLOWN**

**LEO BASSI**  
**JOAN ESTRADER**  
**LAURA MANDARINA**  
**PABLO MUÑOZ**  
**VANESSA RIVAS**

# ~ PROGRAMA FESTICLOWN 2016 ~

## VILAGARCÍA, 11-17 DE AGOSTO

### KOVES 11 DE AGOSTO

11.00H **APARTADO SOCIAL**

**VISITA DE PALLASOS EN REBELDÍA**

Lugar: Hospital do Salnés

12:00H **DESCLOWNTROL NAS RÚAS**

**TRÍO REFUGALLO: RITMO REFUGALLO**

Lugar: Rúas de Vilagarcía

20.00H **DESCLOWNTROL NAS AS RÚAS:**

**TRÍO REFUGALLO: RITMO REFUGALLO**

Lugar: Rúas de Vilagarcía

### VENRES 12 DE AGOSTO

10.00H **FORMACLOWN**

**JOAN ESTRADER: HUMOR PARA TORPES**

11.00H **APARTADO SOCIAL**

**INAUGURACIÓN EXPOSICIÓN FOTOGRAFICA:**

**"PALLASOS EN REBELDÍA EN IDOMENI"**

Lugar: Auditorio Municipal

12.00H **DESCLOWNTROL NAS RÚAS**

**TRÍO REFUGALLO: RITMO REFUGALLO**

Lugar: Rúas de Vilagarcía

13.00H **SUPERROQUIÑOS**

**PABLO GOOD IDEA: PABLO SUPERSTAR COOL**

Lugar: Praza Ravela

20.00H **CERTAME INTERGALÁCTICO**

**PABLO GOOD IDEA: PABLO SUPERSTAR COOL**

Lugar: Rei Daviña, esquina Baldosa

21.30H **MOSTRA INTERNACIONAL**

**ROJO TELÓN: SOY ELLAS**

Lugar: Praza de Galicia

### SÁBADO 13 DE AGOSTO

10.00H **FORMACLOWN**

**LAURA MANDARINA: QUE É O CLOWN?**

11.00H **APARTADO SOCIAL**

**ASOCIACIÓN ANDAINA: "ROMEO E XULIETA"**

Lugar: Salón García

12.00H **DESCLOWNTROL NAS RÚAS**

**TRÍO REFUGALLO: RITMO REFUGALLO**

Lugar: Rúas de Vilagarcía

13.00H **SUPERROQUIÑOS**

**DJUGGLEDY: EL DIÁBOLO**

Lugar: Vista Alegre

20.00H **CERTAME INTERGALÁCTICO**

**DJUGGLEDY: EL DIÁBOLO**

Lugar: Rei Daviña, esquina Baldosa

**APARTADO SOCIAL**

21.30H **GALA SOLIDARIA**

Organiza: Pallasos en Rebeldía

Entrada solidaria: 5 €\*

Lugar: Salón García

## **DOMINGO 14 DE AGOSTO**

10.00H **FORMACLOWN**

**PABLO MUÑOZ: INTRODUCCIÓN Á MAXIA CÓMICA**

11.00H **APARTADO SOCIAL**

**CHARLA CON NATALIA OUTEIRO, "PAJARITO":**

**TEN XÉNERO O CLOWN?**

Lugar: Auditorio Municipal

13.00H **SUPERROQUIÑOS**

**GHAZAFELHOS: AS MIL E UNHA NOITES**

Lugar: Praza do Castro

20.00H **CERTAME INTERGALÁCTICO**

**GHAZAFELHOS: AS MIL E UNHA NOITES**

Lugar: Rei Daviña, esquina Baldosa

21.30H **MOSTRA INTERNACIONAL**

**PEPE VIYUELA: ENCERRONA**

Entrada solidaria: 5 €\*

Lugar: Salón García

## **LUNS 15 DE AGOSTO**

10.00H **FORMACLOWN**

**VANESSA RIVAS: ZANCOS, ANIMACIÓN E MOVEMENTO**

13.00H **SUPERROQUIÑOS**

**FUMAN: MUSICOLOCO**

Lugar: Rúa Castelao

20.00H **CERTAME INTERGALÁCTICO**

**FUMAN: MUSICOLOCO**

Lugar: Rei Daviña, esquina Baldosa

## **MARTES 16 DE AGOSTO**

12.00H **DESCLOWNTROL NAS RÚAS**

**FESTICLOWN NA FESTA DA AUGA**

Lugar: Rúas de Vilagarcía

21.30H **MOSTRA INTERNACIONAL**

**LEO BASSI: THE BEST OF**

Entrada solidaria: 5 €\*

Lugar: Salón García

\*Á venda en [ticketea.com](http://ticketea.com) ou unha hora antes no despacho de billetes.

## MÉRCORES 17 DE AGOSTO

10.00H **FORMACLOWN**

**LEO BASSI:** BUFÓN: EN BUSCA DA TÚA IDENTIDADE CÓMICA

11.00H **APARTADO SOCIAL**

**PALLASOS EN REBELDÍA:** PROXECCIÓN E PALESTRA

Lugar: Auditorio Municipal

13.00H **SUPERROQUIÑOS**

**JAVI JAVICHY:** VELÓ COMO EL RAYO

Lugar: Parque da Xunqueira

20.00H **CERTAME INTERGALÁCTICO**

**JAVI JAVICHY:** VELÓ COMO EL RAYO

Lugar: Rei Daviña, esquina Baldosa

21.30H **MOSTRA INTERNACIONAL**

**KANBAHIOTA:** LA COQUETTE

Lugar: Praza de Galicia

## FESTICLOWN VILAGARCÍA 2016



O Festival Internacional de Clown de Galicia - Festiclown volve un ano máis a Vilagarcía, despois de chegar a América Latina e Oriente Medio, e de levar máis de 100 artistas de diferentes países a Palestina, Brasil, Colombia... O Apartado Social, o achegamento ás parroquias e a formación complementan os espectáculos nas rúas e nos teatros. O circo e o clown toman as rúas e prazas de novo, para achegarlle a cultura a toda a cidadanía.

## MOSTRA INTERNACIONAL



### **LEO BASSI, THE BEST OF**

O mítico bufón italiano ofrece neste espectáculo unha compilación dos seus maiores éxitos, os mellores clásicos dun artista do humor crítico, descendente dunha estirpe de pallas@s.



### **PEPE VIYUELA, ENCERRONA**

O pallaso presenta este seu clásico, onde con só unha esqueira, unha guitarra e unha cadeira, e toda a inocencia dun clown que se ten que enfrontar ao público, fará as delicias do respectable.



### **ROJO TELÓN, SOY ELLAS**

A compañía propón unha viaxe emocional íntima mais divertida de tres mulleres que se atopan no mesmo camiño e deciden seguir xuntas. Poesía corporal, a través de elementos aéreos (trapezio triplo, teas...) e acrobacias de chan e verticais, que xerarán imaxes de moita forza visual e significativa, combinadas co clown.



### **KANBAHIOTA, LA COQUETTE**

Rosina Castelli e Abrahám Pavón achegan unha nova proposta de acrobacias aéreas con impresionantes rutinas de trapezio e aro, sen esquecer o humor e o clown: nesta historia, os protagonistas son unha diva e un pallaso.

## CERTAME INTERGALÁCTICO

O **Certame Intergaláctico** é o concurso oficial de Festiclown. Unha escolma de grandes compañías internacionais, estatais e galegas competirán por gañar este certame no que o público decide o gañador co seu voto.



### **PABLO MUÑOZ**

Lección maxistral de como debe comportarse un “superstar” no escenario, creando situacións tan absurdas como divertidas e interactivas co público, combinando clown e maxia.



### **DJUGGLEDY, EL DIÁBOLO**

Este “tolo guiri alemán” presenta un número con 1, 2, 3... Moitos diábolos! Con moita risa, música e enerxía positiva.



### **GHAZAFELHOS**

Desde o afastado Oriente veñen contar a historia de Sherezade e de como o seu enxeño a salvou dun dos sultáns máis desapiadados de toda Persia: As mil e unha Noites!!!



### **FUMAN, MUSICOLOCO**

O artista do momento! Despois de “petalo” nas redes sociais co vídeo deste número, combinación impecable de música e malabares, chega ás rúas vilargarciás.



### **JAVI JAVICHY, VELÓ COMO EL RAYO**

Malabares, diábolos, mazas ou pelotas son o fío condutor da historia do primeiro día de traballo dun malabarista, que xoga coas reaccións do público e busca o risco sobre os cilindros.

### **SUPERROQUIÑOS**

**Superroquiños** é a parte do Festiclown dedicada aos pequech@s da casa. As compañías presentes no Certame farán un pase especial en horario de mañá.

### **DESCLOWNTROL**

A animación toma as rúas da vila con **Trío Refugallo**, unha nova proposta da man de membros de Odaiko e A Magnifique Bande dos Homes sen Medo que mestura clown, música sobre instrumentos feitos a partir de materiais de refugallo, participación e interacción co público. Un novo concepto de pasarrúas que espalla risa e ritmo.

### **FESTA DA AUGA**

Temos unha sorpresa para celebrar con toda Vilagarcía o **16 de agosto**, Día de San Roque! Festiclown ha tomar as rúas ao berro de "Auga!"



No último ano Europa blindouse fronte a milleiros de persoas que chegaron buscando refuxio, fuxindo da guerra. Da desoladora experiencia dos campos de Idomeni, na fronteira heleno-macedonia, ou Calais, en Francia, **Pallasos en Rebeldía** trouxo máis ganas aínda de loitar por un mundo onde caiban todos os mundos, e por seguir derrubando co riso, a alegría e a humanidade muros de inxustiza. No marco do *Festiclown 2016*, **Pallasos en Rebeldía** organiza unha gala solidaria que contará con artistas e compañías de renome nacional e internacional no ámbito do clown e o circo. O recadado na gala será destinado aos proxectos de **Pallasos en Rebeldía**.



### EXPOSICIÓN: "PALLASOS EN REBELDÍA EN IDOMENI"

Ademais da exposición sobre a experiencia no campo de Idomeni, **Pallasos en Rebeldía** realizará unha visita ao Hospital do Salnés e ofrecerá unha proxección e espazo de debate sobre as persoas refuxiadas.



**Visita ao Hospital do Salnés de Pallasos en Rebeldía:** algúns dos pallasos achéganse ao Hospital do Salnés para levar o riso e a alegría aos nenos e nenas que nestes momentos non poden gozar do Festiclown nas rúas.

A **Asociación Andaina Pro Saúde Mental** pon en escena a súa versión de *Romeo e Xulieta*, dirixida por Fran Rei. Estreouse con grande éxito nas I XORNADAS DE TEATRO E SAÚDE MENTAL o 16 de outubro do ano pasado en Dodro.



A pallasa **Natalia Outeiro "Pajarito"** achegará un debate sobre o xénero no mundo do clown, e as posibilidades empoderadoras do mesmo.



# FESTICLOWN



## VILAGARCIA 2016

ORGANIZA E PROMOVE:



XESTIONA:



[WWW.CULTURACTIVA.ORG](http://WWW.CULTURACTIVA.ORG)

COLABORAN:



Obra Social "la Caixa"

AGADIC



Axencia Galega das  
Industrias Culturais

APARTADO SOCIAL:

pallasos  
en rebeldía

[www.pallasosenrebeldia.org](http://www.pallasosenrebeldia.org)